



CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO

En Santiago de Compostela, a 7 de marzo de dous mil dezaseis.

REUNIDOS

Dunha parte, don _____, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, segundo o disposto no Decreto 15/2015, do 9 de febreiro, polo que se nomea conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a Román Rodríguez González, de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro; na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; no Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Da outra, don _____, con DNI: _____, en calidade de Apoderado da Fundación Secretariado Xitano, con CIF G83117374 e con domicilio social na rúa Ahijones, s/n, 28018 de Madrid, en virtude da escritura outorgada en León ante o notario do Ilustre Colexio de Valladolid, _____, o 19 de abril do 2005.

EXPOÑEN

1. Que a educación é unha necesidade social de primeira orde e un dereito fundamental para as persoas. Así mesmo, educación e formación xogan un papel central nos procesos de inclusión social dos grupos e das persoas máis desfavorecidas. O acceso e a permanencia no sistema educativo é un dos ámbitos fundamentais para a promoción e desenvolvemento da vida das persoas, os grupos e as comunidades, sendo ademais un dos aspectos fundamentais para evitar desigualdades e promover a participación activa dos cidadáns na sociedade.
2. Que as Institucións Públicas fixeron grandes esforzos a favor da poboación xitana, constituíndo a educación un dos factores clave na mellora das súas condicións de vida. As iniciativas impulsadas no marco do Plan de Acción para o Desenvolvemento da Poboación

Xitana, no que ten unha especial relevancia a área de educación, son unha oportunidade para poñer en marcha accións que, respectando as competencias das distintas administracións públicas, permitan abordar de modo coordinado problemáticas específicas e reforzar as sinerxias entre os distintos ámbitos de actuación.

3. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten entre as súas finalidades a procura do éxito escolar do alumnado e a redución do abandono temperán dos estudos por parte da mocidade.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, sendo necesario contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a este fin.

4. Que a Fundación Secretariado Xitano (en diante FSX) ten como fin fundamental a promoción integral da poboación xitana desde o recoñecemento da súa identidade cultural.

5. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas.

6. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a FSX conveñen a necesidade de establecer unha cooperación tendente a sumar esforzos dirixidos a facilitar o acceso e a permanencia das persoas xitanas á educación, especialmente daquelas con menores recursos, coa finalidade de que alcancen o éxito escolar.

En consecuencia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a FSX, desexando estreitar lazos, unir esforzos e actuar conxuntamente para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarias da súa actividade e co obxectivo común de mellorar o acceso e

a permanencia no sistema educativo da poboación xitana, acordan subscribir este convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O convenio ten por obxecto fixar os termos da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a FSX para o desenvolvemento das accións que se dirixirán á poboación xitana, favorecendo o acceso e a permanencia da poboación xitana na formación regulada e o impulso de actuacións que compensen as desigualdades existentes no ámbito da formación básica e permanente desa poboación.

Segunda. Persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias da colaboración prevista neste convenio serán as familias xitanas que presenten maiores dificultades no acceso e permanencia na formación, así como en aspectos relacionados coa súa formación, especialmente no relativo ao absentismo escolar e ao abandono temperán dos estudos.

Terceira. Desenvolvemento da colaboración

As entidades asinantes desenvolverán, no marco deste convenio, as seguintes actuacións:

1. Colaborar no desenvolvemento de accións de compensación educativa complementarias ás realizadas nos centros docentes, especialmente no desenvolvemento do Programa Promociona de apoio e orientación educativa para mozos e mozas xitanos e as súas familias desenvolvido pola FSX, que teñen como principal obxectivo que o alumnado xitano finalice con éxito a Educación Secundaria Obrigatoria e acceda a Educación Postobrigatoria.
2. Realizar, por parte da FSX e coa colaboración e o apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, estudos e investigacións da situación educativa do alumnado xitano que permitan valorar os avances e as dificultades de forma periódica, cun especial interese nas etapas de educación obrigatoria, así como unha análise das dificultades de acceso da poboación xitana á formación profesional e/ou ocupacional e á formación básica de persoas adultas, cos conseguintes problemas de incorporación ao mercado laboral, a través do deseño de medidas e estratexias que o faciliten.
3. Desenvolver, pola FSX e co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, estratexias de sensibilización e accións de carácter integral e innovador dirixidas ao alumnado, familias, profesionais da educación e outros axentes implicados, que permitan reducir o abandono escolar temperán na comunidade xitana.

4. Colaborar na difusión de materiais e documentos que permitan un maior coñecemento das circunstancias específicas asociadas ao alumnado xitano no eido educativo, así como dos informes elaborados en colaboración con outras administracións.

5. Colaborar, mediante a achega de propostas, nos plans e actividades que as institucións asinantes organicen.

Cuarta. Comisión de seguimento

Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A comisión reunirse, con carácter ordinario, unha vez cada curso escolar. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión.

Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

1. Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.
2. Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.
3. Elaborar un informe anual sobre o funcionamento do convenio.

Quinta. Difusión da colaboración

Ambas as dúas partes se comprometen a destacar en cantas actividades realicen para a difusión das actuacións previstas no convenio a colaboración prestada pola outra parte asinante, así como a incorporar o seu logotipo en cantos materiais se reproduzan e utilicen para a publicidade ou difusión das actividades realizadas.

Sexta. Interpretación do convenio

As dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, que ten carácter administrativo, serán resoltas pola comisión mixta. Aquelas dúbidas que non poidan ser resoltas no seo da comisión mixta, serán resoltas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Sétima. Protección de datos e confidencialidade

1. Ambas as partes comprométense a cumprir as obrigas que se derivan da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e demais normativa en vigor.

2. No caso de que durante o desenvolvemento deste convenio se puxese de manifesto a necesidade de proceder entre os asinantes a unha cesión ou comunicación de datos de carácter persoal incluídos nos seus respectivos ficheiros, farase de acordo co previsto no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como na propia Lei 15/1999.

Oitava. Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estará vixente ata o remate do curso académico correspondente a esa data, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación.

Lido o convenio no lugar e data indicados no encabezamento, atópano conforme, polo que o asinan en triplicado exemplar.

**POLA CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN
UNIVERSITARIA,
O CONSELLEIRO,**

**POLA FUNDACIÓN SECRETARIADO
XITANO
O APODERADO,**